

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FERROL VELLO

CURSO: 4º ESO

MATERIA: TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA
COMUNICACIÓN (TIC)

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LENDA DE CORES:

Azul: estándares traballados no 1º trimestre

Verde: estándares traballados no 2º trimestre (ata o fin do período presencial)

Vermello: estándares do 3º trimestre (non traballados online)

Violeta: estándares do 3º trimestre (traballados online)

4º ESO

<i>Clave criterio avaliación</i>	<i>Definición</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias</i>
B1.1.	Adoptar condutas e hábitos que permitan a protección do individuo na súa interacción na rede.	TICB1.1.1. Interactúa con hábitos adecuados en contornos virtuais.	CD, CSC
		TICB1.1.2. Aplica políticas seguras de utilización de contrasinais para a protección da información persoal.	CD, CMCCT
B1.2.	Acceder a servizos de intercambio e publicación de información dixital con criterios de seguridade e uso responsable.	TIC1.2.1. Realiza actividades con responsabilidade sobre conceptos como a propiedade e o intercambio de información.	CD, CAA, CSC, CCEC

B1.3.	Recoñecer e comprender os dereitos dos materiais aloxados na web.	TICB1.3.1. Consulta distintas fontes e navega coñecendo a importancia da identidade dixital e os tipos de fraude da web.	CD, CAA, CSC
B2.1.	Utilizar e configurar equipamentos informáticos, identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.	TIC2.1.1. Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información	CD, CMCCT, CAA
		TICB2.1.2. Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipamento informático.	CD, CMCCT
B2.2.	Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral	TICB2.2.1. Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e ás aplicacións e os programas vinculados a estes.	CD, CMCCT, CAA
B2.3.	Utilizar software de comunicación entre equipamentos e sistemas.	TICB2.3.1. Administra o equipamento con responsabilidade e coñece aplicacións de comunicación entre dispositivos.	CD, CMCCT

B2.4.	Coñecer a arquitectura dun computador, identificando os seus compoñentes básicos, e describir as súas características.	TICB2.4.1. Analiza e coñece diversos compoñentes físicos dun computador, as súas características técnicas e as conexión entre eles.	CD, CMCCT
B2.5.	Analizar os elementos e os sistemas que configuran a comunicación con fíos e sen eles.	TICB2.5.1. Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	CD, CMCCT, CCL
B3.1.	Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.	TICB3.1.1. Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño, e interactúa con outras características do programa.	CD, CMCCT, CLL, CAA, CSIEE, CCEC
		TICB3.1.2. Produce informes que requiren o emprego de follas de cálculo, que inclúan resultados textuais, numéricos e gráficos.	CD, CMCCT, CCL, CSIEE

		TICB3.1.3. Elabora bases de datos sinxelas e utiliza a súa funcionalidade para consultar datos, organizar a información e xerar documentos.	CD, CMCCT, CCL, CSIEE
B3.2.	Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo, e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.	TICB3.2.1. Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentacións, adecuando o deseño e a maquetaxe á mensaxe e ao público obxectivo a quen vai dirixido	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE, CCEC, CSC
		TICB3.2.2. Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, edita a información mediante software específico e crea novos materiais en diversos formatos.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSIEE
B.4.1.	Adopta condutas de seguridade activa e pasiva na protección de datos e no intercambio de información.	TICB4.1.1. Analiza e coñece dispositivos físicos e características técnicas, de conexión e de intercambio de	CD, CMCCT

		información entre eles.	
		TICB4.1.2. Coñece os riscos de seguridade e emprega hábitos de protección adecuados.	CD, CMCCT
		TICB4.1.3. Describe a importancia da actualización do software e do emprego de antivirus para garantir a seguridade	CD, CMCCT, CCL
B5.1.	Utilizar dispositivos de intercambio de información coñecendo as características da comunicación ou da conexión entre eles.	TICB5.1.1. Realiza actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.	CD, CMCCT, CAA, CSC
B5.2.	Elaborar e publicar contidos na web que integren información textual, numérica, sonora e gráfica.	TICB5.2.1. Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.	CD, CMCCT, CCL, CAA
		TICB5.2.2. Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.	CD, CMCCT, CCL, CSC, CSIEE
B5.3.	Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de páxinas web e coas ferramentas das TIC de carácter social.	TICB5.3.1. Participa colaborativamente en diversas ferramentas das TIC de carácter social e xestiona os propios.	CD, CMCCT, CCL, CSC, CSIEE, CSC
B6.1.	Desenvolver hábitos no uso de ferramentas que permitan a accesibilidade ás producións desde	TICB6.1.1. Elabora materiais para a web que permiten a	CD, CMCCT, CSIEE

	diversos dispositivos m3viles.	accesibilidade 3 informaci3n multiplataforma.	
		TICB6.1.2. Realiza intercambio de informaci3n en distintas plataformas nas que est3 rexistrado/a e que ofrecen servizos de formaci3n, lecer, etc.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSC
		TICB6.1.3. Sincroniza a informaci3n entre un dispositivo m3vil e outro dispositivo.	CD, CMCCT
B6.2.	Empregar o sentido cr3tico e desenvolver h3bitos adecuados no uso e no intercambio da informaci3n a trav3s de redes sociais e plataformas.	TICB6.2.1. Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.	CD, CMCCT, CCL, CAA, CSC, CSIEE
B6.3.	Publicar e relacionar mediante hiperligaz3ns informaci3n en canles de contidos multimedia, presentaci3ns, imaxe, audio e v3deo.	TICB6.3.1. Emprega canles de distribuci3n de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras produci3ns.	CD, CMCCT, CCL, CSC

NOTA ACLARATORIA DESTA SECCI3N:

Indicamos os **m3nimos esixibles** para a superaci3n da materia (xa recollidos na programaci3n did3ctica do curso), **especificando por trimestres** o que se chegara a traballar antes da declaraci3n do estado de alarma. De acordo coa temporalizaci3n da programaci3n presentada en setembro, antes deste per3odo impart3ranse completamente unicamente as catro primeiras unidades da materia nos dous grupos de 4º ESO. Tam3n se indican os **est3ndares correspondentes ao terceiro trimestre** e cales deles se impartiron/impartir3n en liña e cales non.

ADAPTACI3N DA PROGRAMACI3N DID3CTICA. CURSO 2019/2020	P3XINA 7 DE 11	CENTRO: IES FERROL VELLO CURSO: 4º ESO MATERIA: TIC
---	----------------	---

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos: a avaliación do terceiro trimestre non poderá ser tan variada no que respecta a procedementos de avaliación debido ás circunstancias vividas. Avaliarase mediante a revisión das tarefas propostas. Proporcionaremos a retroalimentación, o reforzo e a atención personalizada necesaria para que o noso alumnado siga sendo consciente dos seus avances e dos aspectos nos que mellorar.</p> <p>Instrumentos: traballo semanal, distribuído no mesmo número de sesións que teriamos na educación presencial, en forma de tarefas (ver punto 3. Metodoloxía para máis información).</p>
Cualificación final	<p>Para obter a cualificación final na materia de TIC, que será a mesma para a 3ª avaliación (de carácter diagnóstico segundo as indicacións recibidas) e a avaliación ordinaria, teremos en conta o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> - O alumnado que ten aprobadas a 1ª e a 2ª avaliación, aprobará a materia. Se a nota da 1ª e da 2ª avaliación coincide, a súa nota final será a mesma ou mellor (ver seguintes puntos). - Se a nota da 1ª e da 2ª non coincide, farase a media aritmética. No caso de que o resultado sexa un número decimal (por exemplo, 6,5), para acadar o seguinte número enteiro ou non decimal terán que ter entregado polo menos o 70% das tarefas do 3º trimestre (neste caso para obter un 7). - No caso de terse realmente involucrado na 3ª avaliación e ter entregado máis do 90% das tarefas, non só levarán o seguinte número enteiro como cualificación final, senón que esta subirá un punto (no caso exposto sería un 8 na nota final). - Isto tamén aplica, por suposto, a aqueles que tiñan a mesma nota na primeira e na segunda. - En definitiva, todo o alumnado poderá subir a súa cualificación nun 10% (até 1 punto máis) se se involucra na 3ª avaliación e entrega máis do 90% das actividades propostas. - O alumnado que ten aprobada a primeira avaliación pero non a segunda ou viceversa, terá que facer traballo de recuperación (da avaliación correspondente) para aprobar. Este traballo consistirá en tarefas de carácter-teórico práctico relacionadas cos mínimos esixibles. - O alumnado que ten suspensas as dúas avaliacións, terá tamén que realizar tarefas (das dúas avaliacións) para recuperar a materia. - Ditas tarefas de recuperación deberán ser enviadas á profesora (carolina@iesferrolvello.org ou tic4esocurso2019@iesferrolvello.org) antes do 12 de xuño.

<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>A proba extraordinaria de setembro está destinada a aquel alumnado que obteña a cualificación de insuficiente en xuño e non se decida que titule nesa convocatoria ordinaria. Será tipo test (igual que viñamos facendo durante o período presencial) e os contidos de carácter teórico-práctico serán os mínimos recollidos neste mesmo documento.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Non procede, xa que esta materia optativa só se imparte en 4º ESO.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre e como xa viñemos facendo dende que se decretou o estado de alarma, indicaremos as actividades que o noso alumnado debe realizar a través da axenda dixital creada para cada grupo e cuxa ligazón foi enviada a través de Abalar-Móbil e aos correos de dominio @iesferrolvello.org de todo o alumnado.</p> <p>Estas actividades estarán distribuídas en sesións, as mesmas semanais que tiñamos antes desta situación extraordinaria.</p> <p>Tentaremos que sexan actividades variadas que permitan reforzar e afianzar coñecementos e contidos e, ao mesmo tempo, espertar a curiosidade por seguir aprendendo.</p> <p>Tendo en conta que a porcentaxe de alumnado suspenso na materia é moi baixa, continuaremos impartindo materia se se dan as circunstancias para facelo, e introduciremos aspectos que consideremos esenciais para o curso seguinte (1º BACH) sempre que sexan de fácil seguimento e comprensión de forma online.</p> <p>No caso dese alumnado que debe recuperar a materia do presente curso para aprobar en xuño, indicaremoslles as actividades que deben realizar e o prazo de entrega das mesmas a través do seu correo @iesferrolvello.org. Tamén informaremos aos seus titores/as.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Como xa viñamos dicindo no apartado anterior, proporcionaremos actividades variadas para poder reforzar, afianzar e, de ser o caso, ampliar coñecementos. Combinaremos o uso de software libre con materiais e ferramentas en liña, videotutoriais gravados pola profesora, materiais creados e/ou adaptados e facilitados por esta, etc. sempre tendo en conta as situacións particulares do alumnado con máis problemas de conexión, de hardware, etc. Intentaremos flexibilizar e ofrecer alternativas para chegar a todos os alumnos/as, por exemplo permitindo escoller entre realizar as tarefas de modo práctico ou realizando actividades tipo informe de carácter máis teórico (para as que non é necesario ter ordenador nin instalar nada, ata se poderían facer á man). Poderanse realizar videoconferencias co alumnado sempre que a non asistencia a estas non prexudique a aqueles que non poidan participar.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais de traballo quedan descritos no apartado anterior e indicárase onde atopalos facilmente a través da axenda dixital (e, no seu caso, tamén a través do correo @iesferrolvello.org do alumnado).</p> <p>Dado que esta materia consiste en gran medida en empregar un ordenador con conexión a internet, polo de agora temos contactado con todo o alumnado da materia e dispoñen (ou facilitáronselles) os recursos necesarios. Non obstante, seguimos atentos ás circunstancias particulares para poder flexibilizar e ofrecer alternativas.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado (e as súas familias, de ser o caso) dende esta materia terá lugar, agás causas de forza maior, a través das propios titoras, dos correos de dominio @iesferrolvello.org dos propios alumnos/as e da axenda dixital para cada grupo.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.